



Cofinanciado pola
Unión Europea

ALGARVE 20 a 24/04/26

MEMORIA

VOCATIONAL EDUCATION AND TRAINING
N.º IDENTIFICACIÓN PROXECTO:
2024-1-ES01-KA131-HED-000214907

KIMAHERA ESTÚDIOS
AEJD FARO
UNIVERSIDADE DO ALGARVE
EMOTION ACADEMY DANCE

FARO
ARMANÇÃO DE PÈRA

1. MOBILIDADE DE PERSOAL ERASMUS+ PROXECTO PROPIO

DOCENTE PARTICIPANTE XESÚS CHAPELA RAMOS	INSTITUCIÓN DE ENVÍO CIFP IMAXE E SON	DATA 20/04/2026 A 24/04/2026
	INSTITUCIÓN DE ACOLLIDA KIMAHERA ESTÚDIOS	

2. LUGARES, ACTIVIDADES E CONTACTOS REALIZADOS

CALENDARIO DE ACTIVIDADES

- Domingo, 19 de abril: Recepción no Algarve.
- Luns, 20 de abril: visita á AEJD Faro.
- Martes, 21 de abril: visita á Escola Superior de Educación e Comunicación da Universidade do Algarve, en Faro.
- Mércores, 22 de abril: visita e coñecemento do traballo en Kimahera en Armação de Pèra.
- Xoves, 23 de abril: visita a Emotion Dance Academy e sesión de traballo en Kimahera para analizar futuras colaboracións entre entidades.
- Venres, 24 de abril: visita e charla con estudantes da CIFP Imaxe e Son durante as súas prácticas formativas FCT en Kimahera.

Outros contactos realizados sen confirmar, susceptibles de visitar no futuro:

- Agrupamento Escolar Silves - Con cursos profesionais de Imaxe e Son.
- ETIC Escola Privada de Imaxe e Son, referente no Algarve. Situada en Faro.

3. MEMORIA DA ESTANCIA NO CENTRO DE ACOLLIDA E DAS VISITAS REALIZADAS A ENTIDADES FORMATIVAS

3.1. KIMAHERA ESTÚDIOS – ARMAÇÃO DE PÈRA

3.2. EMOTION DANCE ACADEMY – ARMAÇÃO DE PÈRA

3.3. VISITA A ALUMNADO NO PERIODO DE FCT

3.4. AGRUPAMENTO ESCOLAR JOÃO DE DEUS – AEJD FARO

3.5. ESCOLA SUPERIOR DE EDUCACIÓN E COMUNICACIÓN - UNIVERSIDADE DO ALGARVE UALG - FARO

3.1. KIMAHERA ESTÚDIOS

contactos

Pedro Pinto

Tel. +351 962 032 336 Email: info@kimahera.pt

Kimahera, Rua dos Artistas, Armação de Pêra 8365-184 - Portugal

descricao e actividades realizadas

Kimahera Estúdios é un estudo de gravación de son, ademais dunha pequena empresa que ofrece servizos de montaxe en instalacións sonoras e audiovisuais. O seu principal ámbito de traballo se estende por toda a rexión do Algarve. O proxecto empresarial é liderado por unha única persoa, Pedro, e conta con colaboradores puntuais.

O pequeno estudio está localizado nunha vivenda dentro dunha urbanización na zona turística de Armação de Pêra, próxima a Portimão, aínda que ofrece servizos vencellados ó son e espectáculos escénicos e musicais polos municipios limítrofes.

Dende hai 3 anos Kimahera vén acollendo a alumnado galego no desenvolvemento das prácticas FCT, con resultados moi satisfactorios por todas as partes.

Ademais os servizos máis demandados polo estudio son:

- A sonorización, mezcla e masterización de grupos ou solistas locais.
- A instalación sonora e visual de espectáculos en auditorios públicos ou privados e tamén ó aire libre pola zona.

fotografías do estudio



conclusión e acordos de futuro

A visita consolidou o interese en continuar colaborando co CIFP Imaxe e Son. Ademais do compromiso de continuar acollendo alumnado para o desenvolvemento das prácticas FCT, tanto no ámbito principalmente do Son pero tamén de Iluminación, Pedro tería moito interese en consolidar a colaboración entre as nosas entidades no desenvolvemento común de mobilidades. Xunto á Emotion Dance Academy, da que está moi vencellado e supón unha parte importante dos servizos profesionais que desenvolve ó longo do ano. (Ver apartado específico da Academia)

3.2. EMOTION DANCE ACADEMY

contacto

Laura Abel - Directora Artística


Via Dorsal de Armação de Pêra S/N Loja E, 8365-100 Armação de Pêra, Portugal

Tel. +351 968 576 408

descricao e actividades realizadas

A Emotion Dance Academy é unha escola de danza que abrangue cursos para persoas entre 3 e 70 anos. Vencellada directamente a Kimahera Estudios, a parella de Pedro, Laura é a directora da Escola. A escola converteuse nun referente na danza no sur de Portugal. Inaugurada en Armação de Pêra (Algarve) o 7 de xaneiro de 2023, a Emotion Dance Academy xa conta cunha familia de máis de 200 persoas. Ofrece clases de ballet, contemporáneo, hip-hop, girlie, tacóns, afrolatina, pilates, ioga e flexibilidade e estiramientos, e é un espazo que pretende proporcionar a todos a oportunidade de aprender e crecer cos mellores profesores. Leva tempo desenvolvendo e presentando espectáculos de danza que destacan pola súa calidade técnica e riqueza coreográfica.

fotografías da Academia



conclusión e acordos de futuro

A posibilidade de intercambio ou de encaixar unha mobilidade con parte do alumnado para a presentación dun espectáculo de danza, que sexa susceptible de converterse nun contido audiovisual, foi o eixe vertebrador dos posibles acordos de futuro entre ámbalas dúas entidades. A realización dun programa ou peza audiovisual, a inclusión de bailaríns no musical son algunhas das opcións de colaboracións.

3.4. VISITA ALUMNADO



Dous alumnos de 2º do CS Son para Audiovisuais e Espectáculos desenvolven a formación práctica FCT do ciclo en Kimahera Estudios.

Os dous alumnos veñen realizando traballos de sonorización, montaxe, mestura e mezcla sonora nos estudos.

Durante a visita e charla por separado con cada un deles, confirmouse o enriquecemento que supón a experiencia de poder realizar este tipo de mobilidades.

Tanto a Kef coma a Denis xurdiulle a posibilidade real de traballar como técnicos no Algarve.

3.4. AGRUPAMENTO ESCOLAR JOÃO DE DEUS – AEJD FARO

contactos

Maria João Seruca – Coordinadora de Projetos

Tel. +351 917 802 031 e-mail: joao.seruca@aejdfaro.pt

Paula Pereira – Coordinadora Comunicação – Multimedia

Tel. +351 968 425 963

Avenida 5 de Outubro, 8004-069 FARO, PORTUGAL

TEL [+ 351 289 822 030](tel:+351289822030) FAX [+ 351 289 822 350](tel:+351289822350) www.aejdfaro.pt

descricao e actividades realizadas

O agrupamento escolar EAJD atópase en Faro, e está constituído por distintos centros de todas as etapas preuniversitarias na capital do Algarve. A visita céntrouse no moderno complexo de Educación Secundaria, facendo fincapé na formación profesional da rama de Imaxe e Son deste agrupamento. A súa oferta de formación equivalente á nosa céntrase nos cursos profesionais con nivel EQF 4, Multimedia e Audiovisuais. (Ver apartado final anexo contexto educativo da rama de Imaxe e Son en Portugal).

O recibemento por parte do AEJD Faro calífcase como excelente. A visita ó centro coincidiu coa visita por parte de tres docentes de Secundaria procedentes de Grecia e Eslovaquia. O meu interese centrouse nas instalacións relativas á nosa familia profesional, constatando o bo estado dun equipamento actual, tanto de cámaras como de equipos informáticos (Mac) na meirande parte dos casos. O software empregado é principalmente paquete Adobe. Se ben, os recursos materiais técnicos son excelentes, cabe destacar que os espazos de traballos (aula de podcast, gravacións de son e plató de TV) son de tamaño de reducido, que compensan cun excelente e novo Salón de Actos – Teatro onde se realizan boa parte dos traballos do alumnado dos cursos profesionais Técnico/a de Audiovisuais e de Multimedia.

fotografías do centro



conclusión e acordos de futuro

A visita realizada pode definirse como moi satisfactoria pola acollida recibida así como polo interese e predisposición á colaboración en futuros proxectos. A orde de temas tratados xiraba ó redor do estudo de colaboración en tres liñas:

- Posible intercambio de alumnado para a realización de prácticas FCT, de tal xeito, que no CIFP Imaxe e Son, acollamos a 1 ou 2 alumnos/as da AEJD e viceversa. **O intercambio é factible**, pendente de establecer concrecións futuras.
- Posibilidade de realización de proxectos en común, a partir dos programas Erasmus+ xa existentes. Habería que identificar programas e establecer de xeito claro tipos de proxectos e colaboracións.
- Posibilidade de realizar intercambio e mobilidades puntuais de alumnado/profesorado. Tamén amosaron predisposición e interese en levalos adiante.

3.5. ESCOLA SUPERIOR DE EDUCAÇÃO E COMUNICAÇÃO DA UNIVERSIDADE DO ALGARVE

contactos

Paula Simões - Gabinete de Relações Internacionais e Mobilidade

Tel.: + 351 289 800 003 Email: international@ualg.pt

Ana Baião – Professora ESEC – Coordenadora Mobilidade

Email: mobesec@ualg.pt

Escola Superior de Educação e Comunicação - Universidade do Algarve

Campus de Gambelas. - Edif. 5 - 8005-139, Faro – Portugal

Tel.: + 351 289 800 003 esecsecdi@ualg.pt - <https://esec.ualg.pt>


descricao e actividades realizadas

A Escola Superior de Educação e Comunicação da Universidade do Algarve enmárcase dentro do nível EQF 5, equiparable ó nivel da oferta educativa do CIP Imaxe e Son. A oferta educativa dentro da nosa familia profesional é o Mestrado en Animación e o Mestrado em Comunicação e Media Digitais. Estes dous mestrados, equivalen a cursos de técnicos/as superiores. (Ver apartado final anexo contexto educativo da rama de Imaxe e Son en Portugal).

Enmarcada dentro da Universidade do Algarve, a Escola ESEC dispón de medios e unhas instalacións que a simple vista parecen pouco actualizadas e en comparación coas nosas, un tanto anticuadas. O software empregado principalmente é o paquete Adobe e a app Blender.

A acollida foi produtiva, incluíndo unha visita polas aulas, os pequenos estudos cos que conta a escola, así como unha mostra do material dispoñible.

fotografías do centro



conclusión e acordos de futuro

Como na visita anterior, a predisposición é ampla e o interese amosado polos responsables da Escola é elevado, coa idea de establecer posibles acordos de colaboración e artellar futuros proxectos conxuntos.

A orde de temas tratados repetíu as tres liñas de traballo:

- Posible intercambio de alumnado para a realización de prácticas FCT, de tal xeito, que no CIFP Imaxe e Son, aollamos a 1 ou 2 alumnos/as da ESEC e viceversa. **O intercambio é factible**, pendente de establecer concrecións futuras.
- Posibilidade de realización de proxectos en común, a partir dos programas Erasmus+ xa existentes. Habería que identificar programas e establecer de xeito claro tipos de proxectos e colaboracións.
- Posibilidade de realizar intercambio e mobilidades puntuais de alumnado/profesorado. Tamén amosaron predisposición e interese en levalos adiante.

3.8. Contexto educativo rama imaxe e son en Portugal

Como se explicou en anteriores memorias tras mobilidades realizadas en Portugal a formación profesional en Portugal dividirse en dous grandes grupos: os cursos profesionais de secundaria e cursos profesionais superiores.

Os primeiros inxírense en centros educativos de secundaria, teñen unha duración de 3 anos e un nivel educativo EQF 4, combinando a formación académica de linguas, ciencias e ámbito social con formación específica e tecnolóxica. De tal xeito que o alumnado tras a súa finalización obtén dous títulos, os de secundaria equivalente ó noso bacharelato, máis un curso de equivalencia dos nosos ciclos medios de formación específica.

Os cursos profesionais superiores están vencellados ás universidades, e dispoñen dun nivel 5 na cualificación europea EQF MEC.